

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE
XEOGRAFÍA E HISTORIA
CURSO 2021-2022

ABRIL 2022



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

Dacordo coa ORDE do 25 de xaneiro de 2022 (DOG do 11 de febreiro DE 2022) que **actualiza a normativa de avaliación** nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, na que **se elimina no proceso de avaliación as probas extraordinarias para a ESO**, prolongando o período ordinario ata o 22 de xuño, o **Departamento de Xeografía e Historia vese na necesidade de facer as modificacións que seguen no que se refire aos criterios de avaliación e cualificación dos distintos niveis e materias:**

► XEOGRAFÍA E HISTORIA ESO (1º, 2º, 3º E 4º):

- **O período abranguido entre a terceira avaliación e a avaliación final da materia de Xeografía e Historia en todos os niveis da ESO dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.** Todas esas actividades permitirán reforzar destrezas propias da nosa materia (definición de conceptos, sinalar causas e consecuencias dun determinado feito, esquematizar ou resumir a información dun texto, facer e interpretar de forma sinxela liñas de tempo, mapas históricos, mapas xeográficos, gráficos, actividades interactivas...), ao mesmo tempo que adiantar coñecementos que precisarán en cursos vindeiros. Neste tempo, consideramos que **haberá que prestar especial atención os alumnos e alumnas que teña a materia ou ámbito sen superar logo de realizar a derradeira das tres avaliacións parciais**, para os que se deseñarán actividades de reforzo e recuperación para que poidan superar a materia na convocatoria ordinaria.

- Ao remate do curso, **despois da terceira avaliación parcial, e ata a Avaliación Ordinaria, e tendo en conta o que di a orde a este respecto**, no seu artigo 7, punto 8: *“O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividade de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso”*, **o procedemento para a avaliación e cualificación final queda como segue:**

- Os **instrumentos de avaliación** serán os mesmos que os indicados na Programación Didáctica ao inicio de curso.

- Os alumnos e alumnas que teñan unha **nota de 5 ou máis puntos na media aritmética das tres avaliacións parciais** **terán aprobada a materia.**

- Os alumnos e alumnas que teñan **menos de 5 puntos na media aritmética das tres avaliacións parciais** **necesitarán recuperar a materia.**

- **O instrumento para recuperar a materia** será unha **proba escrita** (puntuada sobre 10 puntos) Farase unha **proba final por avaliacións** que abranguerá os contidos de todo o curso. Nese exame, **o alumno ou alumna fará a parte correspondente á avaliación ou ás avaliacións que non ten superadas.**

- Dependendo do resultado desa proba final, a nota da Avaliación Ordinaria obterase da seguinte maneira:

-Se o alumno ou alumna ten unha nota de 5 ou superior na recuperación da avaliación ou avaliacións que non tiñan aprobadas terá recuperada esa avaliación ou avaliacións parciais. Como se vén facendo ao longo do curso, terase en conta unha nota máxima 5 puntos para a media aritmética coa que se calculará a nota da Avaliación Ordinaria.

-Se o alumno ou alumna ten unha nota inferior a 5 na recuperación desa avaliación ou avaliacións parciais utilizarase para facer a media aritmética **o valor máis alto** dos obtidos entre a nota global inicial da Avaliación correspondente e a nota desa recuperación parcial. De forma que, se a **media aritmética** que calcula a nota da Avaliación Ordinaria **é igual ou superior a 5**, o alumno ou alumna terá superada a materia.

-De non cumprirse as premisas anteriores o alumno ou alumna non terá superada a materia, ao non acadar os obxectivos do curso na materia de Xeografía e Historia.

Alumnado da ESO con materias pendentes de cursos anteriores:

O alumnado da ESO con materias pendentes que, despois de realizar as actividades e probas correspondentes ás dúas avaliacións parciais establecidas e a proba de Avaliación final da materia no mes de maio, non teña recuperada a materia que ten pendente, deberá presentarse a unha proba escrita que terá lugar no mes de xuño, nas datas que estableza Xefatura de Estudos. Dita proba adaptarase aos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos na Programación para cada materia pendente. O alumnado que acade nesa proba escrita unha cualificación de 5 ou superior terá recuperada a materia.

► 1º de BACHARELATO-HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO:

-Avaliación Ordinaria: tal e como estaba estaba establecido, o Departamento realizará tres avaliacións parciais, cos mesmos instrumentos, criterios e estándares de aprendizaxe establecidos na Programación Didáctica ao inicio de curso. Para a cualificación da Avaliación Final Ordinaria empregarase a media aritmética das notas globais das tres avaliacións parciais. O alumnado que acade unha cualificación de 5 ou superior nesa media aritmética aprobará o curso. En caso contrario, deberá presentarse á Proba Extraordinaria.

- Avaliación Extraordinaria: o período comprendido entre o remate da Avaliación Ordinaria e as sesións da Avaliación Extraordinaria adicaranse á preparación das probas extraordinarias mediante actividades de apoio, reforzo, recuperación,... para que todo o alumnado poida acadar os obxectivos e coñecementos establecidos para o seu nivel e etapa. A proba da Convocatoria Extraordinaria celebrarase segundo o calendario que elabore Xefatura de Estudos e terá unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso. A cualificación será a obtida na Proba obxectiva Extraordinaria.

► 2º de BACHARAE LATO: HISTORIA DE ESPAÑA, HISTORIA DA ARTE, XEOGRAFÍA DE ESPAÑA:

- **Avaliación Ordinaria:** tal e como estaba establecido, o Departamento realizará tres avaliacións parciais, cos mesmos instrumentos, criterios e estándares de aprendizaxe establecidos na Programación Didáctica ao inicio de curso. Os exames finais terán lugar entre finais de Abril e mediados de Maio de 2022, segundo o calendario organizado por Xefatura de Estudos. Para a cualificación da Avaliación Final Ordinaria empregarase a media aritmética das notas globais das tres avaliacións parciais. O alumnado que acade unha cualificación de 5 ou máis nesa media aritmética aprobará o curso. En caso contrario, deberá presentarse á Proba Extraordinaria.

- **Avaliación Extraordinaria:** as probas da convocatoria extraordinaria celebraranse segundo o calendario que elabore Xefatura de Estudos. A cualificación será a obtida na Proba obxectiva Extraordinaria, na que se empregarán unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso e que vén marcada pola CIUG. Dende a Avaliación Ordinaria final de 2º de Bacharelato ata o remate do curso realizaranse actividades de preparación da ABAU para o alumnado que aprobase o curso e desexe presentarse a dita proba e actividades de apoio, reforzo e recuperación para o alumnado que deba presentarse á Proba Extraordinaria.